

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

7841 *Real decreto 325/2021, do 11 de maio, polo que se regula a concesión directa de axudas a participantes na campaña militar de 1957-1959 no territorio de Ifni-Sáhara e se aproba a convocatoria das ditas axudas.*

Na disposición derradeira novena da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, as Cortes Xerais recoñecen a entrega e o sacrificio dos que, cumprindo o servizo militar obrigatorio, estiveron integrados en unidades expedicionarias das Forzas Armadas destacadas no territorio de Ifni-Sáhara e participaron na campaña dos anos 1957 a 1959.

Para tal efecto, o segundo punto da dita disposición sinala que o Ministerio de Defensa desenvolverá programas de apoio que permitan recoñecer o labor levado a cabo por aqueles que participaron nas citadas campañas, contribuirá ás actividades das asociacións que os agrupan e elaborará unha listaxe de participantes na contenda para estudar posteriormente axudas nominais.

Entre as actuacións que se levaron a cabo desde o Ministerio de Defensa para dar cumprimento ao disposto na dita disposición derradeira cabe destacar o apoio a actos e xornadas de recoñecemento e os constantes contactos coas asociacións de veteranos de Sidi-Ifni.

Paralelamente, desde a entrada en vigor da Lei 39/2007, do 19 de novembro, foise elaborando unha listaxe provisional de participantes na contenda por instancia das persoas interesadas. Non obstante, resulta necesario aprobar unha listaxe definitiva e proceder á concesión directa das axudas correspondentes. Estas axudas teñen un interese humanitario e social debido aos esforzos e sacrificios que estas persoas realizaron durante a campaña recollida na citada disposición derradeira novena da Lei 39/2007, do 19 de novembro, e, aínda que moitos anos despois, supoñen un deber de gratitude para con elas e cos seus familiares. Aos xa inscritos na listaxe recoñéceselles o dereito a participar na presente convocatoria sen necesidade de presentaren a documentación xa achegada.

As axudas de concesión directa intégranse no marco do sistema público de subvencións, constituído pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e polo seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

As características especiais destas subvencións xustifican que se outorguen por solicitude da persoa interesada que cumpra cos requisitos establecidos neste real decreto para adquirir a condición de persoa beneficiaria. Isto faríase ao abeiro do previsto no artigo 22.2.c da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e seguindo o procedemento sinalado no artigo 28 da citada lei.

A singularidade destas axudas vén determinada pola concesión directa e única, por unha soa vez, ás persoas beneficiarias.

O pagamento individualizado ás persoas beneficiarias realizarase con cargo aos créditos previstos para o efecto nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2021 e para os exercicios orzamentarios sucesivos até que a última das persoas beneficiarias reciba a axuda que lle foi concedida.

Este real decreto adecúase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En canto aos principios de necesidade e eficacia, busca o cumprimento do disposto na disposición derradeira novena da Lei 39/2007, do 19 de novembro. En canto ao principio de proporcionalidade, estas axudas permitirán mostrar o agradecemento ás persoas que participaron nas citadas campañas de Ifni-Sáhara e aos seus familiares, sen limitar dereitos nin impor obrigacións, máis aló das imprescindibles, ás persoas destinatarias. En canto á seguridade xurídica, esta norma vai en consonancia co resto do marco xurídico existente concernente a este campo. De acordo co principio de

transparencia, e como se expón no corpo da norma, o proceso será público, mediante a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» e na Base de datos nacional de subvencións. O principio de eficiencia buscouse reducindo ao mínimo as cargas administrativas e potenciando os medios electrónicos para presentar e tramitar solicitudes. Esta norma está supeditada ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A Asesoría Xurídica Xeral da Defensa e a Intervención Xeral da Defensa emitiron o seu preceptivo informe, de acordo co previsto no artigo 17.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Tamén emitiu informe a Subdirección Xeral de Servizos Económicos e Pagadorías do Ministerio de Defensa. Así mesmo, este real decreto cumpriu cos trámites de consulta pública e de audiencia e de información pública previstos no artigo 26 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, logo de informe da ministra de Facenda, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de maio de 2021,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e finalidade.*

Este real decreto establece as bases reguladoras das axudas mencionadas na disposición derradeira novena da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, como unha medida de recoñecemento á entrega e sacrificio dos que, cumprindo o servizo militar obrigatorio, estiveron integrados en unidades expedicionarias das Forzas Armadas destacadas no territorio de Ifni-Sáhara e participaron na campaña dos anos 1957 a 1959.

Mediante este real decreto convócanse tamén as axudas previstas na citada disposición derradeira.

Estas axudas teñen un carácter singular e serán concedidas por unha soa vez e de maneira directa, logo de solicitude, valorando o interese social e humanitario polos esforzos e sacrificios do persoal indicado no parágrafo primeiro. Consecuentemente, non procede someter estas axudas a convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva.

Artigo 2. *Persoas beneficiarias.*

1. Serán persoas beneficiarias das axudas reguladas por este real decreto as persoas que, cumprindo o servizo militar obrigatorio, estiveron integradas en unidades expedicionarias das Forzas Armadas destacadas no territorio de Ifni-Sáhara e participaron na campaña dos anos 1957 a 1959, sempre que cumpran cos requisitos que se establecen nestas bases reguladoras e non se encontren incursas en ningunha das prohibicións previstas no artigo 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. En atención á especial natureza das axudas previstas neste real decreto, eximiranse as persoas beneficiarias do cumprimento dos requisitos regulados no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

3. Poderán obter tamén a condición de persoas beneficiarias as persoas habentes causa das mencionadas no número 1, sempre que cumpran cos requisitos exixidos.

CAPÍTULO II

Bases reguladoras

Artigo 3. *Principios xerais e procedemento de concesión.*

1. De conformidade co disposto no artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, a xestión das subvencións realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante e co de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

2. As axudas concederanse, por solicitude da persoa interesada, en atención ao cumprimento das condicións que a converten en persoa beneficiaria destas.

Artigo 4. *Contía da axuda.*

A axuda que percibirá cada unha das persoas beneficiarias será de 1.000 euros.

No caso de existiren varias persoas habentes causa, a contía da axuda repartirase segundo o establecido nas derradeiras vontades da persoa causante ou na normativa aplicable en cada caso.

Artigo 5. *Órganos competentes para a ordenación, instrución e resolución do procedemento.*

1. O órgano competente para ordenar e instruír o procedemento é a Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa.

2. A persoa titular do Ministerio de Defensa ditará a resolución de concesión das axudas que regula este real decreto.

Artigo 6. *Réxime xurídico aplicable.*

No non previsto neste real decreto aplicarase o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 7. *Financiamento das axudas.*

1. Para o ano 2021, o crédito orzamentario a que se imputarán as axudas será o «Fondo de recoñecemento de servizos prestados no territorio de Ifni-Sáhara», recollido na aplicación orzamentaria 14.01.121M2.481, e, de ser necesario o pagamento en exercicios posteriores, será o que se recolla nos respectivos orzamentos xerais do Estado.

2. A contía máxima de pagamento das axudas en cada exercicio será a que figure nos respectivos orzamentos xerais do Estado até a finalización do pagamento ás persoas beneficiarias. Para o ano 2021, a contía máxima é de 367.210 euros.

O importe máximo destas axudas está recollido no Plan estratéxico de subvencións do Ministerio de Defensa para o período 2021-2023, aprobado pola Orde ministerial 69/2020, do 16 de decembro, que establece a posibilidade de modificalo en función do número final de persoas a que se conceda o dereito e das dispoñibilidades orzamentarias.

Artigo 8. *Solicitudes.*

1. As solicitudes, cuxo modelo figura no anexo I, deberán presentarse no prazo de catro meses contados desde o día seguinte ao da entrada en vigor deste real decreto. Unha vez finalizado este prazo, non se admitirá ningunha solicitude máis e a listaxe de solicitantes será definitiva.

2. As solicitudes poderán presentarse na sede electrónica do Ministerio de Defensa, conforme establecen os números 2 e 3 do artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no Rexistro Xeral do Ministerio de Defensa, Paseo de la Castellana, 109, 28071 Madrid, ou en calquera dos rexistros indicados no artigo 16.4 da citada lei. O modelo de solicitude poderá descargarse do taboleiro de anuncios da sede electrónica central do Ministerio de Defensa (<http://sede.defensa.gob.es/acceda>).

A orde de presentación das solicitudes virá determinada cronoloxicamente pola entrada destas no rexistro correspondente ou na sede electrónica do Ministerio de Defensa.

No caso das solicitudes presentadas en papel, para efectos do cómputo do prazo para determinar a data de presentación e da determinación da orde que lle corresponda na listaxe de persoas beneficiarias, a data que se terá en conta será a do selo de entrada na oficina do rexistro que figure na solicitude.

3. No caso de que a axuda a soliciten varias persoas habentes causa, as actuacións efectuaranse coa persoa representante ou interesada expresamente sinalada e, na súa falta, con quen figure en primeiro termo, tal e como sinala o artigo 7 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 9. *Documentación que debe achegarse xunto coa solicitude.*

1. Deberán presentarse os documentos que acrediten a integración da persoa solicitante en unidades expedicionarias das Forzas Armadas destacadas no territorio de Ifni-Sáhara e a súa participación na campaña dos anos 1957 a 1959.

Como documentos acreditativos que deberá achegar a persoa interesada teranse en conta a folia de servizos, a cartilla militar ou documento oficial de igual carácter probatorio.

2. Así mesmo, deberán formalizarse os seguintes aspectos que figuran no anexo I:

a) Autorización para que o órgano instructor comprobe electronicamente os seus datos de identidade a través do Sistema de verificación de datos de identidade. No caso de que a persoa solicitante non autorizase a consulta, deberá presentar unha copia simple do documento nacional de identidade (DNI).

b) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición para obter a condición de persoa beneficiaria, de acordo co artigo 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

3. As persoas habentes causa a que se refire o artigo 2 deberán presentar os seguintes documentos xustificativos do dereito hereditario:

- a) Copia do DNI do falecido.
- b) Certificado de defunción do falecido.
- c) En caso de herdanza intestada, o auto de declaración xudicial de herdeiros *ab intestato* ou acta de notoriedade.
- d) En caso de herdanza testada, certificado de actos de derradeira vontade e copia autorizada do último testamento.
- e) Se for o caso, copia da escritura de partición e adxudicación de herdanza.

Artigo 10. *Instrución e valoración.*

1. O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións xulgue necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2. A comprobación da documentación achegada nas solicitudes levaraa a cabo a Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa.

3. Toda persoa que cumpra cos requisitos exixidos na convocatoria e o solicite no prazo previsto no artigo 8.1 será persoa beneficiaria da axuda, cuxo pagamento se tramitará respectando as dispoñibilidades de crédito orzamentario indicadas no artigo 7.

4. De conformidade co disposto no artigo 24.6 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, a proposta de resolución non crea dereito ningún.

Artigo 11. *Verificación do cumprimento dos requisitos para optar ás axudas e procedemento de emenda de solicitudes.*

1. O órgano instrutor verificará nas solicitudes e na documentación achegada o cumprimento dos requisitos establecidos.

2. Consideraranse solicitudes excluídas:

a) Aquelas que non reúnan os requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria.

b) As solicitudes presentadas fóra de prazo.

3. Antes de redactar a proposta de resolución definitiva, o órgano instrutor elaborará:

a) Unha relación provisional de solicitudes admitidas.

b) Unha relación de solicitudes excluídas, en que se indiquen os motivos de inadmisión, e notificará, preferentemente mediante medios electrónicos, esta circunstancia ás persoas solicitantes para que, nun prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles desde a recepción da notificación, a persoa interesada que o desexe formule as alegacións que considere oportunas. Se así non o fixer, a súa exclusión considerarase definitiva.

c) Unha relación de solicitudes admitidas a trámite con deficiencias que cómpre emendar, e notificará, preferentemente mediante medios electrónicos, esta circunstancia ás persoas solicitantes, para que, nun prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles desde a recepción da notificación, a persoa interesada emende as deficiencias ou xunte os documentos requiridos, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará desistida da súa solicitude conforme o establecido no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. O órgano instrutor elaborará a proposta de resolución definitiva das solicitudes admitidas e indicará a orde que corresponde a cada persoa beneficiaria. Así mesmo, achegará un informe en que consten todas as solicitudes excluídas e as razóns da exclusión.

Artigo 12. *Resolución do procedemento.*

1. As axudas serán outorgadas mediante resolución de concesión ditada polo órgano concedente, unha vez aprobada a proposta de resolución definitiva que emitise o órgano instrutor.

Para estes efectos, con carácter previo á aprobación da resolución definitiva fiscalizaranse a aprobación e o compromiso de gasto, tal e como exige o artigo 34 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. A resolución de concesión será motivada e nela faranse constar a convocatoria, o crédito orzamentario a que se imputa, o nome das persoas beneficiarias, o seu DNI e o importe concedido, de acordo coa orde de presentación de solicitudes.

A resolución de concesión conterá de maneira expresa a desestimación xeneralizada do resto de solicitudes que non alcanzasen a condición de persoas beneficiarias.

3. A resolución de concesión ditarase e notificarase ás persoas interesadas no prazo máximo de seis meses a partir da data de publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento notificarase ás persoas interesadas nos termos previstos no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e publicarase no «Boletín Oficial del Estado». A práctica da dita notificación e publicación axustarase ás disposicións contidas no artigo 41 da citada lei.

4. O vencemento do prazo máximo para resolver o procedemento sen terse notificado a resolución lexitima as persoas interesadas para entenderen desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

5. Unha vez publicada a resolución de concesión presumírase que as persoas beneficiarias aceptan a axuda concedida nos termos e condicións que se establezan nela. A persoa beneficiaria que desexe renunciar á axuda concedida deberá comunicalo por escrito dirixido á Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa. A renuncia aceptarase de plano.

6. A resolución de concesión porá fin á vía administrativa e contra ela poderá interporse recurso potestativo de reposición ante a persoa titular do Ministerio de Defensa, no prazo dun mes, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co disposto nos artigos 11.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 13. *Pagamento das axudas.*

O pagamento das axudas realizarase mediante transferencia bancaria unha vez ditada e notificada a resolución de concesión de acordo co establecido na Orde PRE/1576/2002, do 19 de xuño, pola que se regula o procedemento para o pagamento de obrigacións da Administración xeral do Estado. Os trámites realizaraos a Subdirección Xeral de Servizos Económicos e Pagadorías do Ministerio de Defensa, que ditará as oportunas instrucións.

Artigo 14. *Responsabilidade e réxime sancionador.*

As persoas beneficiarias das axudas quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador que sobre infraccións administrativas en materia de subvencións establece o título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, en canto proceda.

Artigo 15. *Reintegro.*

Debido á natureza das axudas reguladas, non resultan de aplicación as causas de reintegro enumeradas no artigo 37.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, salvo aquela que se recolle na súa letra a).

Disposición adicional primeira. *Réxime aplicable ás persoas que solicitaron a súa inscrición na listaxe con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

O anexo II contén unha listaxe, elaborada polo Ministerio de Defensa, co persoal que remitiu documentación acreditativa da súa participación, cumprindo o servizo militar obrigatorio, na campaña desenvolvida no territorio de Ifni-Sáhara entre os anos 1957 e 1959.

Ás persoas admitidas nesta listaxe entenderáselles acreditada a súa participación na campaña que tivo lugar no territorio de Ifni-Sáhara nos termos previstos na disposición derradeira novena da Lei 39/2007, do 19 de novembro, polo que só deberán formular a súa solicitude, sen que teñan que achegar a documentación que se cita no artigo 9.1.

Disposición adicional segunda. *Protección de datos persoais.*

En cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal achegados serán tratados pola Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa e incorporados á actividade de tratamento que lle é propia, cuxa finalidade é a tramitación da solicitude da subvención prevista no presente real decreto.

Os datos de carácter persoal achegados poden ser comunicados a entidades bancarias, a outros servizos competentes das administracións públicas no exercicio das súas competencias e, en particular, á Intervención Xeral da Administración do Estado, á

Axencia Estatal de Administración Tributaria e á Base de datos nacional de subvencións, de acordo coa lexislación específica aplicable.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a cal se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que poidan derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e patrimonio documental español.

Podéranse exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos datos persoais, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado destes datos, ante a persoa delegada de protección de datos do Ministerio de Defensa (DPD@mde.es). Tamén se poderán presentar reclamacións ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de maio de 2021.

FELIPE R.

A ministra de Defensa,
MARGARITA ROBLES FERNÁNDEZ

ANEXO I

Solicitud das axudas previstas na disposición derradeira novena da Lei 39/2007,
do 19 de novembro, da carreira militar

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA SOLICITANTE

NOME		NIF
DOMICILIO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL
PROVINCIA	Nº INSCRICIÓN NA SEGURIDADE SOCIAL	
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	

DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

RÚA	CÓDIGO POSTAL	
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO

No caso de que sexa concedida a axuda solicitada, o importe outorgado poderá ser ingresado na seguinte conta, que deberá estar dada de alta na base de datos da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.

ENTIDADE BANCARIA																			
CÓDIGO DE CONTA (2)																			
TITULAR																			

Don/Dona _____ **certifica a veracidade de todos os datos consignados na presente solicitude e na documentación que se xunta.**

_____, _____ de _____ de 20__
Asinado:

En cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal achegados serán tratados pola Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa e incorporados á actividade de tratamento que lle é propia, cuxa finalidade é a tramitación da solicitude desta subvención. Os datos de carácter persoal poden ser comunicados a entidades bancarias, a outros servizos competentes das administracións públicas no exercicio das súas competencias e, en particular, á IXAE, á AEAT e á BDNS, de acordo coa lexislación específica aplicable.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a cal se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que poidan derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e patrimonio documental español.

Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos datos persoais, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, ante a persoa delegada de protección de datos do Ministerio de Defensa (DPD@mde.es). Tamén se poderán presentar reclamacións ante a Axencia Española de Protección de Datos.

AUTORIZACIÓN PARA QUE O ÓRGANO INSTRUTOR POIDA SOLICITAR ELECTRONICAMENTE OS SEGUINTE DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

CLÁUSULA DE AUTORIZACIÓN:

Mediante a marca no recadro correspondente, autorizo a consulta dos meus datos existentes na Plataforma de intermediación de datos, e os das persoas cuxa representación desempeño, con garantía de confidencialidade e para os exclusivos efectos do procedemento de xestión das subvencións para promover a cultura de defensa.

DOCUMENTOS	AUTORIZO A CONSULTA (Márquese un X no recadro)
DNI (Consulta no Sistema de verificación de datos de identidade e residencia, regulado pola Orde PRE/3949/2006, do 26 de decembro; BOE núm. 310, do 26 de decembro de 2006, en desenvolvemento do Real decreto 520/2006, do 28 de abril)	

En cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal achegados serán tratados pola Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa e incorporados á actividade de tratamento que lle é propia, cuxa finalidade é a tramitación da solicitude desta subvención. Os datos de carácter persoal poden ser comunicados a entidades bancarias, a outros servizos competentes das administracións públicas no exercicio das súas competencias e, en particular, á IXAE, á AEAT e á BDNS, de acordo coa lexislación específica aplicable.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a cal se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que poidan derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e patrimonio documental español.

Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos datos persoais, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, ante a persoa delegada de protección de datos do Ministerio de Defensa (DPD@mde.es). Tamén se poderán presentar reclamacións ante a Axencia Española de Protección de Datos.

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN CAUSA DE PROHIBICIÓN PARA OBTENIR A CONDICIÓ DE PERSOA BENEFICIARIA DE SUBVENCIÓNS

Don/Dona....., con DNI

DECLARA

Que non incorre en ningunha das circunstancias que impiden obter a condición de persoa beneficiaria de subvencións especificadas no artigo 13.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

En o..... de..... de.....

Sinatura

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, artigo 13.3:

3. En ningún caso poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as asociacións incursoas nas causas de prohibición previstas nos números 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Tampouco poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as asociacións respecto das cales se suspendese o procedemento administrativo de inscrición por encontrárense indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, en canto non se dite resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro”.

OUTORGAMENTO DA REPRESENTACIÓN

Don/Dona....., NIF,
con domicilio fiscal en (municipio) (vía pública)..... nº

OUTORGA/N A SÚA REPRESENTACIÓN a Don/Dona,
NIF, con domicilio para efectos de notificacións en (municipio) (vía pública) nº para que actúe ante a Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa no procedemento administrativo de concesión das axudas previstas na disposición adicional novena da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, solicitado pola persoa ou persoas representadas. Con relación ao dito procedemento poderá exercer as seguintes facultades: facilitar a práctica de cantas actuacións sexan precisas para a instrución do expediente, achegar cantos datos e documentos se soliciten, recibir todo tipo de comunicacións, formular peticións e solicitudes, presentar escritos e alegacións, manifestar a súa decisión de non efectuar alegacións nin achegar novos documentos no correspondente trámite de audiencia ou renunciar a outros dereitos, subscribir dilixencias e outros documentos que poida expedir o órgano competente e, en xeral, realizar cantas actuacións correspondan á persoa ou persoas representadas no curso do dito procedemento.

ACEPTACIÓN DA REPRESENTACIÓN

Coa sinatura do presente escrito a persoa representante acepta a representación conferida e responde da autenticidade da sinatura da persoa ou persoas outorgantes, así como da/s copia/s do DNI (2) destas que se xunta/n a este/estes documento/s.

NORMAS APLICABLES

Artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En o de de

O/a/os/as outorgante/s

En o de de

O/a representante

ANEXO II

Relación de persoas que solicitaron a súa inscrición na listaxe con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto

1. ÁBALOS ÁBALOS MELQUIADES (**0221**).
2. ABARCA BODOQUE NICOLÁS (**9132**).
3. ABELLÁN SEGOVIA JESÚS (**6347**).
4. ABERASTURI MARQUÍNEZ DANIEL (**1603**).
5. ACEDO GARCÍA FERNANDO (**6704**).
6. ACOSTA CASTAÑO ANTONIO (**2795**).
7. ACOSTA SERRANO FRANCISCO (**4904**).
8. AGUILAR AGUILAR MANUEL (**3910**).
9. AGUILAR GARCÍA ANTONIO (**6464**).
10. AGUILAR ROMERO JOSÉ (**4248**).
11. AGÜNDEZ MOGOLLÓN ALEJANDRO (**4711**).
12. AGÜNDEZ MOGOLLÓN DIONISIO PEDRO (**4839**).
13. ALBA BERNABÉU JOSÉ (**0640**).
14. ALBA CID MANUEL (**0621**).
15. ALBA MARTÍ FRANCISCO (**8992**).
16. ALCALÁ GARCÍA FERNANDO (**2073**).
17. ALCÁNTARA ARÉVALO JUAN (**8824**).
18. ALCÁNTARA LÓPEZ FRANCISCO (**7451**).
19. ALCAÑIZ CABALLER JOSÉ (**2688**).
20. ALCÁZAR ASECIO JOSÉ (**9145**).
21. ALDEGUER SORIA JOAQUÍN (**0729**).
22. ALEGRE BRAVO FRANCISCO (**8439**).
23. ALEGRÍA ALBILLOS SANTIAGO (**8096**).
24. ALEGRÍA RUIZ JESÚS (**9872**).
25. ALEJÓN PEÑA TOMÁS (**6572**).
26. ALEMÁN ELIZAINCÍN JUAN (**1545**).
27. ALEMÁN MENA DOROTEO (**1973**).
28. ALEPUZ PÉREZ RAFAEL (**5617**).
29. ALFARO ATIENZA JOSÉ MARÍA (****).
30. ALFARO SIMÓN EPIFANIO (**9671**).
31. ALMELLONES CASTAÑO JUAN (**4941**).
32. ALONSO GARCÍA ANTONIO FÉLIX (**8995**).
33. ALONSO MORLA VICENTE (**9451**).
34. ALOS MIRADA JOSÉ (**9813**).
35. ALQUÉZAR BIELSA JOSÉ (**8453**).
36. ALSASUA SOTO SILVANO (**1506**).
37. ALSÚA IRURZUN ALFONSO CARLOS (**2328**).
38. ALVARADO HURTADO JUAN (**7276**).
39. ÁLVAREZ DE EULATE SAENZ PEDRO (**3132**).
40. ÁLVAREZ MARTÍNEZ JESÚS (**9275**).
41. ÁLVAREZ MORENO EPIFANIO (**4766**).
42. ÁLVAREZ OBAYA CONSTANTINO (**2868**).
43. AMARO CUETO MIGUEL (**1753**).
44. AMAT ESTEVE SALVADOR (**3840**).
45. AMO BASCONES JOSÉ ANTONIO (**3499**).
46. AMO LÓPEZ EMILIO (**9091**).
47. AMORÓS NAVARRO JOSÉ (**5077**).
48. ANDRÉS COLOMER MIGUEL (**5375**).
49. ANDRÉU ABAD VICENTE (**6261**).
50. ANDRÉU ORTÍ SALVADOR (**0212**).
51. ANGLÉS SEBASTIÁ JUAN (**0475**).

52. ANTEQUERA PINTO JOSÉ (**7115**).
53. ANTOLÍN CANCIO VALENTÍN (**6557**).
54. ANTON SAN MARTÍN FRANCISCO (**3527**).
55. ANTÓN VÁZQUEZ JOSÉ (**0957**).
56. APARICIO NAVARRO WALTER (**3357**).
57. ARANDA GRACIA JOSÉ LUIS (**3393**).
58. ARAUJO LEDESMA JOSÉ LUIS (**7086**).
59. ARENAS ASTORGA MIGUEL (**2884**).
60. ARGUDO LOZANO ÁNGEL (**5968**).
61. ARJONA GARCÍA JUAN MANUEL (**1896**).
62. ARNÁU GÓMEZ JESÚS (**5440**).
63. AROCA LOZANO DOMINGO (**4733**).
64. AROLAS GARCÍA JOSÉ (**0038**).
65. ARRANZ CALVO ANTONIO (**3591**).
66. ARRIAGA VALLÉS FERMÍN (**1474**).
67. ARRIBAS BLANCO HILARIO (**0995**).
68. ARROYO FERNÁNDEZ MANUEL (**4978**).
69. ARROYO MORENO TOMÁS (**9864**).
70. ASENSI MONTÓN JAIME (**6525**).
71. ASTOR GRAN FRANCISCO (**6965**).
72. AZNAR NAVARRO JOSÉ ANTONIO (**0497**).
73. AZORÍN NOGUES ANTONIO (**6692**).
74. BABIANO YUSTE ISMAEL (**8776**).
75. BALLESTER QUEROL FELIPE (**2159**).
76. BALMASEDA PALOMINO TOMÁS (**0880**).
77. BÁRCENAS TORRES JACINTO (**1655**).
78. BARRAGÁN MARTÍNEZ MANUEL (**2325**).
79. BARREDA MONFORT RAMIRO (**5059**).
80. BARRIGUETE LIRIO ÁNGEL (**1223**).
81. BARROSO GIL FRANCISCO (**6819**).
82. BAUTISTA CALASANZ JOSÉ (**0255**).
83. BEL FERRER JOSÉ MARÍA (**7293**).
84. BELLIDO GALÁN JUAN (**1749**).
85. BELLÓN GIMENO MANUEL (**4485**).
86. BELTRÁN ARAGO ANTONIO (**0647**).
87. BELTRÁN SANCHO EMILIO (**5979**).
88. BENET MARCO JOSÉ (**4663**).
89. BENITO IBÁÑEZ MARCOS (**4021**).
90. BENLLIURE CUENCA JOSÉ (**7834**).
91. BERBEL PARDO SALVADOR (**8914**).
92. BERJANO NÚÑEZ JOSÉ (**2833**).
93. BERNABÉ VALARES ANTONIO (**0284**).
94. BERNAL SERRANO ANTONIO (**9910**).
95. BIENZOBAS BOLEA JOSÉ (**7223**).
96. BLANCO RIOLOBOS JOSÉ (**5157**).
97. BLASCO GÓMEZ DIEGO (**4102**).
98. BLASCO MARTÍNEZ AMADEO (**3007**).
99. BLASCO MONTAÑÉS JOSÉ (**5499**).
100. BLASCO MUÑOZ GABINO (**4123**).
101. BLASCO PARICIO DANIEL (**3399**).
102. BLASCO ROIG LUIS (**5473**).
103. BLASCO SANZ IGNACIO (**1474**).
104. BLASCO SIERRA JOSÉ (**3859**).
105. BLÁZQUEZ DEL CARMEN JOSÉ (**0821**).
106. BOGUÑA CASALS JORGE (**0342**).

107. BOIRA ALIAGA JUSTO (**1211**).
108. BOLART CÁMARA MIGUEL (**7047**).
109. BONET CANDELA RAFAEL (**1276**).
110. BONICH ROSET JULIÁN (**7896**).
111. BORRÁS MEDINA JOSÉ (**7355**).
112. BORREGUERO COLLADO MANUEL (**8652**).
113. BOTELLA CARDONA ENRIQUE (**2162**).
114. BOYERO LOZANO TOMÁS (**2791**).
115. BRAVO LÓPEZ MODESTO (**0435**).
116. BRAVO VACAS ELÍAS (**0440**).
117. BRIA ALCAIDE JOSÉ (**4772**).
118. BRINES VERCHER VICENTE (**3435**).
119. BUENVARÓN CEREZO CÁNDIDO (**2259**).
120. BUIGUES REUS VICENTE (**3627**).
121. BURGOS SALGADO CÁNDIDO (**0866**).
122. BURGUETE MUÑOZ EDUARDO (**4773**).
123. CABALLERO PIZARRO JACINTO (**0940**).
124. CABALLERO VINAGRE LUCIANO (**1121**).
125. CABELLO VÁZQUEZ JUAN (**4165**).
126. CABEZAS BORRALLO ANTONIO LEONCIO (**7021**).
127. CABRERA FERNÁNDEZ JUAN ANDRÉS (**5589**).
128. CABRERA HERNÁNDEZ AGUSTÍN (**0687**).
129. CABRERA TORMO JOAQUÍN (**4991**).
130. CABRERIZO CÁMARA LÁZARO (**1792**).
131. CADENAS RODRÍGUEZ RODRIGO (**5064**).
132. CALAF FIGUERAS JOSÉ (**9248**).
133. CALDERÓN CARMONA MÁXIMO (**6908**).
134. CALDES JUAN EDUARDO (**7035**).
135. CALLE JIMÉNEZ BIENVENIDO (**1309**).
136. CALVO CALVO MOISÉS (**2642**).
137. CALVO CORTÉS SERAFÍN (**4609**).
138. CALVO DURÁN ANSELMO (**4355**).
139. CALVO TORIBIO ÁNGEL (**5192**).
140. CÁMARASA GALÁN ESTANISLAO (**3446**).
141. CÁMARASA MONT JUAN (****).
142. CAMARELLES BADÍA PEDRO (**4503**).
143. CAMPILLO BLANCO FRANCISCO (**7128**).
144. CAMPO MARISCAL VICTORIANO (****).
145. CAMPÓN MACÍAS EMILIANO (**0518**).
146. CAMPOS ÁLVAREZ ANTONIO (**9867**).
147. CAMPOS CANALES ARTURO (**6683**).
148. CAMPOS JUANES FRANCISCO (**1064**).
149. CAMPOS LÓPEZ JOSÉ ANTONIO (**9553**).
150. CANALES BARROSO CAYETANO (**4520**).
151. CANALES BARROSO MANUEL (**8845**).
152. CANALES CONDE JULIO (**2144**).
153. CANALES SANTANO MARTÍN (**0670**).
154. CANET JOLI AGUSTÍ (**8399**).
155. CANICIO PÉREZ LUIS (**7872**).
156. CANO MONTAÑÉS JOSÉ (**5972**).
157. CANO RUIZ ADOLFO (**8151**).
158. CANO ZÁRATE AGUSTÍN (**2594**).
159. CANTERO MOGEDANO JUAN (**2716**).
160. CANTOS ROMERO JACINTO (**2285**).
161. CANURIA FERNÁNDEZ LORENZO (**1963**).

162. CAÑETE BELMAR ALFONSO (**2394**).
163. CAÑIS MONTSERRAT ANTONIO (**9073**).
164. CARBAJO SANTILLÁN ANTONIO (**5246**).
165. CARBALLO CARBALLO EMILIO SIMÓN (**3164**).
166. CARBONELL LACASTA ARTURO (**6429**).
167. CARMONA AGUADO JUAN (**7541**).
168. CARMONA FUENTES CRISTÓBAL (**7119**).
169. CARNERO RAMIRO JUAN (**4507**).
170. CARO SÁNCHEZ MIGUEL (****).
171. CARRASCO ACEDO JUAN (**1430**).
172. CARRASCO GONZÁLEZ GABRIEL (**5059**).
173. CARRASCO GUZMÁN JUAN (**5860**).
174. CARRASCO MARTÍN ISAÍAS (**6376**).
175. CARRERA MOR JOSÉ (**3185**).
176. CARRERO MARISCAL FLORENCIO (**3152**).
177. CARRETERO AMADO PABLO (**3118**).
178. CARRETERO DIONISIO FRANCISCO (**7342**).
179. CARRETERO JIMÉNEZ TEODORO (**5642**).
180. CARRILLO GARRIDO CELESTINO (**4855**).
181. CARRILLO LUCAS PORFIRIO (**9716**).
182. CASADO RUIZ JESÚS (**4570**).
183. CASARES GIRALDO DIEGO (**4808**).
184. CASARES GONZÁLEZ RAFAEL (**0284**).
185. CASARRUBIOS HOYOS ESTEBAN (**7592**).
186. CASASOLA CANELADA JOSÉ (**1730**).
187. CASCANTE DÁVILA MANUEL (**8927**).
188. CASCO MORAÑO ADRIANO (**5462**).
189. CASIANO MACÍAS MÁXIMO (**5846**).
190. CASQUERO SALOMÓN BENIGNO (**4881**).
191. CASTAÑO DURÁN MODESTO (**3664**).
192. CASTAÑO SEGURA CECILIO (**1749**).
193. CASTEL ANIES ANTONIO (**0748**).
194. CASTELA MONROY ENRIQUE (**4880**).
195. CASTELLANO BRAVO JUAN (**0506**).
196. CASTELLANO CHAPARRO CELESTINO (**8226**).
197. CASTELLÓ ARJONA MANUEL (**1811**).
198. CASTELLÓ GARRIDO JULIO (**1341**).
199. CASTILLA DÍAZ MANUEL (****).
200. CASTILLO GAVIDIA ANDRÉS (**0877**).
201. CASTILLO NAVARRO DOMINGO (**0919**).
202. CASTUERA GÓMEZ FRANCISCO (**6876**).
203. CAVA PALOMINO JOSÉ DAMIÁN (**5737**).
204. CEBRINO HERNÁNDEZ PEDRO (**5711**).
205. CEREZUELA MORALES JOSÉ (**1408**).
206. CERVERA GIMENO FRANCISCO (**6590**).
207. CESTAU APARICIO FRANCISCO (**5245**).
208. CHARLEZ ALVIRA EUSEBIO (**6226**).
209. CHAUME RAMOS JUAN (**9030**).
210. CHAVES BORREGA MANUEL (**5184**).
211. CHIVA IBÁÑEZ EMILIO (**7693**).
212. CHOCARRO IBIRICU EDUARDO (**6107**).
213. CIA GOÑI JESÚS JAVIER (**3952**).
214. CID CARRERO PEDRO (**6639**).
215. CID GUZMÁN JOSÉ (**4702**).
216. CID MURILLO RICARDO (**2611**).

217. CINTADO PACHECO BENJAMÍN (**2992**).
218. CIORDIA GARCÍA JOSÉ (**2408**).
219. CIRIERO ALVARADO JUSTINO (**9985**).
220. CLARAMÓNTE MOLINA FRANCISCO (**1985**).
221. CLAVE SALVIA JAIME (**2104**).
222. CLAVERIA URIEL JOSÉ (**1282**).
223. CLAVERO BRUN EDUARDO (**7769**).
224. CLEMENTE AMADO JULIÁN (**1016**).
225. CLEMENTE FAYOS JOSÉ (**5803**).
226. CLIMENT ESTRUCH FERNANDO (**0331**).
227. CLIMENT FRANCO ANTONIO (****).
228. CLIMENT PASCUAL VICENTE (**4098**).
229. CLIMENT ROVIRA ALBERTO (**1498**).
230. CLIMENT SANMATEO RAMÓN (**2823**).
231. CLOFENT GUERRI JOSÉ (**6909**).
232. COBOS BAREA MANUEL (**9467**).
233. CODINA GISBERT FRANCISCO (**2354**).
234. COLLADO HIGUERO JOSÉ (**5216**).
235. COLLADO IZQUIERDO PERPETUO (**7105**).
236. COLLADO LARRA DESIDERIO (**7128**).
237. COLLADO MORENO RICARDO (**5265**).
238. COLOMA FITO FERNANDO CARLOS (**7459**).
239. COLOMER MONTOLIU SALVADOR (**8987**).
240. COMOS CABALLER MANUEL (**2284**).
241. CONDE PUERTO DOMINGO (**2622**).
242. CONEJERO MILÁN JOAQUÍN (**9843**).
243. CONEJO LÓPEZ JUAN (**8283**).
244. CONTIJOCH CASANOVAS JOSEP MARÍA (**7461**).
245. CONTÍN MARTÍNEZ GUILLERMO (**8675**).
246. CORBACHO GARCÍA RAMÓN (**2056**).
247. CORBATÓN ADELL ADOLFO (**7335**).
248. CORDERO MARTÍN FRANCISCO (**8130**).
249. CORDERO MOYANO DOMINGO (**4555**).
250. CORELLA GUILLAMÓN VICENTE (**4064**).
251. CORMA MARÍN VICENTE (**1902**).
252. CORRALES CONZALEZ GABRIEL (**8383**).
253. CORRALES COTRINA DIEGO (**2685**).
254. CORRALES MUÑANA PEDRO (**6788**).
255. CORREDERA PÉREZ JUAN (**3716**).
256. CORTASA MARTÍ ROSENDO (**9765**).
257. CORTÉS DEL OLMO ALBERTO (**4359**).
258. CORTÉS VELASCO LEONARDO (**7819**).
259. CORTINA PÉREZ EDUARDO (**6838**).
260. COSCULLUELA LÓPEZ JESÚS (**1404**).
261. COSTA LLEDOS JOSÉ MARÍA (**2512**).
262. COTO ARIAS JOSÉ RAMÓN (**3648**).
263. COTRINA RINO SILVERIO (**3115**).
264. CRESPO POLO LUIS (**6769**).
265. CRESPO RUBIO TIMOTEO (**7921**).
266. CRISTÓBAL ROMERO GABRIEL (**9532**).
267. CUADRI GARRIDO MANUEL (**3064**).
268. CUADROS ALMAZÁN PABLO (**3687**).
269. CUBERO MUÑOZ RAFAEL (**4961**).
